

7º INFORME
2017

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (ARPE) EN GALICIA

2008-2016



EAPN Galicia. Rede Galega contra a Pobreza

www.pobreza.gal

<http://www.eapn.es/estadodepobreza/>

Este informe executivo forma parte e amplía os contidos do VII Informe [“El Estado de la Pobreza en España 2017”](#) que ven de presentar a Red Europea de Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social en el Estado Español (EAPN-España), da que a Rede Galega Contra a Pobreza (EAPN Galicia) forma parte.


En base a información oficial de Eurostat, Instituto Nacional de Estadística (INE) e Instituto Galego de Estadística (IGE), ou o Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pretende ofrecer á sociedade galega unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020 para o conxunto de España.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROPE). Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

1. **Risco de Pobreza.** En 2016 ingresar menos de 8202€ ao ano, 684€ ó mes, o chamado limiar de pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo. Neste informe os datos son homoxéneos para todo o estado, pero facilítase tamén o dato de poboación en risco de pobreza en base ao limiar da renda galega.
2. **Privación ou carencia material severa (PMS).** É dicir, vive nun fogar no que os seus membros non poden permitirse polo menos catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo.
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe polo menos cada dous días (ou o seu equivalente vexetariano).
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (por un importe de ata 650€).
 - Non pode permitirse dispor de teléfono.
 - Non pode permitirse dispor dun televisor en cor.
 - Non pode permitirse dispor dunha lavadora.
 - Non pode permitirse dispor dun automóbil.
3. **Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar . O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior a 0,2.

É importante subliñar a desigualdade existente, en termos de pobreza e/ou exclusión social, entre os distintos territorios que compoñen o Estado. Esta desigualdade e incluso maior que a que existía antes da crise e, curiosamente, o seu incremento se produce nos anos da chamada “recuperación”.

Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)



GALICIA: POBLACIÓN AROPE POR SEXO

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716
% AROPE	25,1%	24,6%	22,7%	21,0%	23,8%	24,3%	23,8%	25,7%	25,4%
% Hombres	23,7%	22,8%	22,2%	20,6%	24,1%	23,4%	24,0%	25,3%	25,0%
% Mujeres	26,3%	26,2%	23,1%	21,3%	23,6%	25,2%	23,6%	26,0%	25,7%
POB. AROPE TOTAL	698.826	687.838	635.067	587.039	661.997	672.123	654.189	702.213	690.505
AROPE Hombres	318.648	307.926	299.804	277.358	324.109	311.998	318.024	333.449	327.310
AROPE Mujeres	378.943	379.550	334.100	308.569	338.714	360.730	335.463	368.371	362.091


No ano 2016, algo máis de unha de cada catro persoas (25,4%) residentes en Galicia está en risco de pobreza e ou exclusión social. A cifra de 2,5 puntos porcentuais inferior á media nacional e supón unha redución mínima con respecto ao ano anterior; sen embargo, racha polo menos a liña ascendente que viña experimentando a taxa dende 2011.

A evolución da taxa AROPE mostra un primeiro período de importante descenso – máis de catro puntos – que se mantivo ata ben entrada a crise. A partir do ano 2011, a taxa comezou a crecer, de forma enerxética ao principio e despois con menor intensidade ata o ano 2015 ata perder todo o gañado nos primeiros anos e acabar cun AROPE moi similar ao do ano 2008. Na actualidade, sen embargo, a pesares do pequeno incremento porcentual da taxa, a poboación en risco de pobreza e/ou exclusión social reduciuse en algo máis de 8.000 persoas na totalidade do período, a causa da diminución da poboación xeral.

Respecto da evolución por sexos, as modificacións son pequenas, pero compre sinalar que aínda que a crise golpeou con maior intensidade á poboación masculina, cuxa taxa AROPE se incrementou moderadamente (1,3 puntos máis), fronte a una pequena redución de 0,6 puntos

da taxa AROPE feminina, **coa recuperación económica estase a perxudicar especialmente á muller**, voltando ás taxas AROPE tradicionalmente superiores á masculina. Non na redución das taxas de pobreza que como se verá posteriormente se beneficia puntualmente, senón en apartados como a brecha de pobreza ou especialmente no **crecemento da Baixa Intensidade laboral no fogar, froito da maior precariedade no emprego**.

Galicia: Taxa AROPE por tramos de idade



No 2016, en Galicia a taxa AROPE **diminúe en tódolos tramos de idade, exceptuando o tramo de 30 a 44 anos** que pasa do 22,4% no 2015 ao 25,6% no 2016 e a poboación maior de 65 anos (incrementa nun 0,1).


É tamén especialmente preocupante que **a taxa máis alta se da na nosa mocidade entre 16 e 29 anos**, en idade de incorporación ao mercado laboral. Aínda que se produciu unha baixada na cifra de 3,8 puntos porcentuais, segue sendo do 34%. Este dato indica probablemente que **as medidas de inserción laboral dirixidas a este colectivo, como pode ser o Sistema de Garantía Xuvenil, non están a funcionar como deberían**.

	Menores de 16		16-29 anos		30-44 anos		45-64 anos		65 ou + anos	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
2008	31,8	29,6	22,3	22,8	24,3	21,3	24,2	21,8	25,2	26,2
2009	26,9	31,9	23,0	23,6	24,5	22,9	24,3	22,7	24,8	24,9
2010	28,5	32,6	24,0	27,8	19,9	24,9	22,5	24,2	21,6	22,9
2011	22,1	31,6	24,7	30,4	15,7	26,0	24,4	25,8	19,5	21,2
2012	25,2	31,4	32,8	33,5	19,1	28,0	28,0	27,2	17,7	16,5
2013	25,2	31,9	37,1	33,0	20,1	28,0	27,7	28,9	16,2	14,5
2014	20,3	35,4	33,9	36,4	22,0	30,4	28,8	31,0	15,2	12,9
2015	27,6	33,4	37,8	38,2	22,4	28,5	30,4	31,0	16,2	13,7
2016	25,1	31,7	34,0	37,6	25,6	27,1	29,2	30,5	16,3	14,4

Así mesmo, **o 25,1% dos menores de 16 anos se atopan en risco de pobreza e/ou exclusión, o 27% se consideramos a totalidade da pobreza infantil** (nenos e nenas de 0 a 18 anos, un 32,9% no conxunto do estado e un 26,9% na UE dos 28).

Ainda que non se dispón do dato específico en Galicia, no conxunto do estado é **moi preocupante o aumento da taxa en risco de pobreza ou exclusión nos chamados fogares monoparentais. Un 53,3% no 2016 fronte a un 50,1% no ano anterior.** Estes fogares están formados por un adulto (nun 80% dos casos unha muller) e varios fillos. O acordo do Parlamento de Galicia para que a Xunta de Galicia aprobe un plan específico de medidas para este colectivo é especialmente urxente neste eido.



Risco de pobreza ou exclusión por Comunidades Autónomas



Para o ano 2016, as comunidades autónomas de Navarra, País Vasco, La Rioja e Cataluña conseguen taxas AROPE notablemente inferiores á rexistrada para o conxunto do territorio nacional. Pola contra, Canarias, Ceuta, Andalucía e Castilla-La Mancha obteñen as máis elevadas. Entre ambos grupos, as taxas de risco de pobreza e/ou exclusión das outras dez rexións se distribúen de xeito máis ou menos homoxéneo ao longo da escala. Galicia (25,4%) sitúase xusto por debaixo da media nacional (27,9%), entre Cantabria (24,6%) e Melilla (29,3%).

Compoñentes da taxa AROPE

Risco de pobreza



En termos cuantitativos, o principal compoñente do AROPE é a Taxa de Risco de Pobreza. No ano 2016, **o 19% da poboación galega, unhas 516.000 persoas, viven con ingresos menores aos 684€ ao mes.** Apenas catro décimas menos que no ano anterior.

A pesares desta moi lenta redución, a cifra é 3,3 puntos inferior á media nacional e supón unha redución de 1,9 puntos porcentuais con respecto á rexistrada no último ano anterior á crise. Galicia é, ademais, unha das cinco comunidades nas cales o risco de pobreza se reduciu por debaixo dos valores rexistrados antes da crise.

Por outra banda, a segmentación de datos por sexo revela que estes resultados se deben case exclusivamente á positiva evolución rexistrada para os datos da poboación feminina, que veu reducir a súa taxa de pobreza en 3,2 puntos porcentuais dende o ano 2008. A taxa de pobreza masculina, pola contra, reduciuse de xeito testemuñal (0,4 puntos menos). Grazas a esa diferente evolución, **a taxa de pobreza feminina que inicialmente sufría unha desvantaxe de case tres puntos no indicador, pasou este ano a equipararse coa masculina.**


GALICIA: POBLACIÓN EN RIESGO DE POBREZA POR SEXO

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716
% POBREZA	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%
% Hombres	19,5%	18,7%	17,9%	15,7%	18,3%	16,4%	14,9%	19,2%	19,1%
% Mujeres	22,1%	22,4%	18,3%	16,6%	18,3%	17,8%	15,8%	19,6%	18,9%
POB. POBREZA TOTAL	581.891	575.994	506.375	450.063	509.014	475.742	423.299	530.075	516.520
POBREZA Hombres	262.302	252.127	241.233	211.460	245.992	219.488	197.634	253.472	250.320
POBREZA Mujeres	318.921	323.710	265.271	240.030	262.834	255.124	224.839	277.370	266.438

INTENSIDADE DA POBREZA. Menos persoas pobres, pero as que quedan están peor.

As condicións de vida das persoas pobres non se poden comprender de xeito fidedigno sen recorrer a unha magnitude que de conta da intensidade da pobreza que soportan.

A brecha da pobreza amosa esta intensidade, permitindo analizar como de pobres son as persoas pobres no seu conxunto e canto lles falta para saír da súa situación. De xeito intuitivo equivale á cantidade de cartos **que precisaría unha persoa pobre para deixar de sêlo**, é dicir, a diferenza entre a súa renda neta e o limiar da pobreza.




A evolución da brecha da pobreza en Galicia¹ ten sido en xeral crecente, aínda que se mantivo en cifras inferiores á brecha media de pobreza nacional.

A brecha da poboación pobre de Galicia é do 26,8%, cifra superior en 6,9 puntos porcentuais á que existía no ano 2008, e que denota o **empeoramento das condicións de vida da poboación pobre de Galicia** neste período. Estes resultados moderan a positiva evolución da taxa de pobreza analizada no apartado anterior: **hai menos pobres, pero as que quedan están peor**.

O segundo gráfico amosa o **maior deterioro da brecha de pobreza entre a poboación feminina, cuxa taxa se incrementou case o dobre do que o fixo a masculina ata rexistrar un valor en 2016 do 27,5%**, tres puntos por enriba da masculina.

Respecto ao conxunto da poboación, a renda media por persoa aumentou nos dous primeiros anos do período e está estable entre o 2010 e o 2016. O acercamento ás rendas medias nacionais se produciu por unha redución destas últimas y non por un incremento da renda media galega. No ano 2016, a renda foi 957€ superior á do 2008. Pero aínda 269€ inferior á media nacional.



¹ A brecha de pobreza en Galicia está construída a partir do estudo das rendas dunha submostra que oscila entre 344 e 606 persoas en risco de pobreza, polo que os resultados deben tomarse con precaución e considerarse como tendencias, especialmente no caso da brecha por sexo.

FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS.

A nivel estatal, o informe alerta que a poboación maior de 65 anos é a única na que aumenta o risco de pobreza e exclusión (dun 13,7% a un 14,4%). En Galicia aínda que so empeora unha decima respecto ao ano anterior (do 16,2% ao 16,3%) segue estando por riba da taxa estatal.

Compre salientar este risco de empeoramento do benestar das persoas maiores. O **62,7% das pensións que se distribúen en Galicia, é dicir unhas 474.000, teñen un importe inferior ao limiar da pobreza**. Delas, ademais, unhas 123.000, que supoñen o 16,3% do total de pensións teñen un importe por debaixo do limiar de pobreza severa. Nas de viudedade, percibidas maioritariamente por mulleres, as porcentaxes son do 80,7% e 30,2%.


Tramos de cuantía por Clase de pensión

Nº de pensiones a 31 diciembre de 2016)

GALICIA	Incapacidad permanente	Jubilación	Viudedad	Orfandad	Favor familiar	Todas las pensiones
Hasta 150 euros	592	16.767	7.721	2.123	128	27.331
De 150,01 a 250,00	338	8.661	10.268	10.245	620	30.132
De 250,01 a 300,00	288	7.199	21.116	1.379	62	30.044
Parte Proporcional hasta Umbral de Pobreza Severa (342 € mes)						
	967	16.339	17.430	788	81	35.605
De 300,01 a 350,00	1.151	19.451	20.750	938	97	42.387
De 350,01 a 400,00	5.496	16.041	10.096	754	47	32.434
De 400,01 a 450,00	4.252	17.448	10.356	887	1.638	34.581
De 450,01 a 500,00	3.142	8.650	7.678	467	2.626	22.563
De 500,01 a 550,00	3.131	9.327	5.356	466	117	18.397
De 550,01 a 600,00	8.196	17.447	7.832	1.640	102	35.217
De 600,01 a 655,19	6.743	132.435	46.310	313	94	185.895
Parte Proporcional hasta Umbral de Pobreza (684 € mes)						
	1.952	7.438	3.381	2.229	38	15.038
De 655,20 a 700,00	3.029	11.541	5.247	3.459	59	23.335
De 700,01 a 800,00	8.105	40.056	9.781	285	134	58.361
De 800,01 a 900,00	4.957	18.603	6.924	172	102	30.758
De 900,01 a 1.000,00	4.016	17.400	4.663	181	80	26.340
De 1.000,01 a 1.100,00	3.214	16.787	3.350	206	62	23.619
De 1.100,01 a 1.200,00	2.484	13.943	2.250	113	58	18.848
De 1.200,01 a 1.300,00	1.846	12.174	1.771	98	40	15.929
De 1.300,01 a 1.400,00	1.475	10.483	1.783	38	13	13.792
De 1.400,01 a 1.500,00	1.163	8.933	2.730	32	15	12.873
De 1.500,01 a 1.600,00	993	7.800	747	19	6	9.565
De 1.600,01 a 1.700,00	690	7.130	146	12	8	7.986
De 1.700,01 a 1.800,00	576	6.016	41	9	9	6.651
De 1.800,01 a 1.900,00	550	5.438	16	20	4	6.028
De 1.900,01 a 2.000,00	462	4.923	16	14	1	5.416
De 2.000,01 a 2.100,00	445	4.370	10	17	7	4.849
De 2.100,01 a 2.200,00	386	4.132	5	2	1	4.526
De 2.200,01 a 2.300,00	262	3.718	1	1	1	3.983
De 2.300,01 a 2.400,00	187	3.529	2	-	-	3.718
De 2.400,01 a 2.567,26	269	6.566	2	-	-	6.837
De 2.567,27 a 2.567,29	617	11.736	5	1	-	12.359
Más de 2.567,29 euros	310	1.536	1	-	-	1.847
Todos los tramos	69.365	470.240	186.974	23.891	6.131	756.601
TOTAL EN POBREZA	35.281	260.864	150.864	21.441	5.569	474.019
%	50,9%	55,5%	80,7%	89,7%	90,8%	62,7%
TOTAL EN POBREZA SEVERA	2.185	48.966	56.535	14.535	891	123.112
%	3,1%	10,4%	30,2%	60,8%	14,5%	16,3%

Fuente: Elaboración propia con datos del Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Privación ou carencia material severa



GALICIA: POBLACIÓN CON PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA POR SEXO

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
POB. TOTAL	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	2.718.525
Hombres	1.344.268	1.349.603	1.350.547	1.349.591	1.343.328	1.335.122	1.325.657	1.317.054	1.309.809
Mujeres	1.439.901	1.446.486	1.447.106	1.445.831	1.438.170	1.430.818	1.423.038	1.415.293	1.408.716
% PMS	3,0%	3,4%	4,4%	2,5%	4,1%	4,6%	5,5%	4,2%	4,1%
% Hombres	3,5%	3,8%	4,1%	2,3%	3,4%	4,0%	5,1%	3,6%	4,0%
% Mujeres	2,4%	3,1%	4,7%	2,6%	4,6%	5,2%	5,8%	4,8%	4,2%
POB. PMS TOTAL	83.525	95.067	123.097	69.886	114.041	127.233	151.178	114.759	111.460
PMS Hombres	47.434	51.404	55.036	31.668	46.339	53.685	67.554	47.989	53.002
PMS Mujeres	34.943	44.818	68.040	38.117	66.398	73.892	82.661	67.942	59.637

No ano 2016 o **4,1% da poboación de Galicia (unhas 111.000 persoas) vivían en condicións de Privación Material Severa²**. A cifra é 1,7 puntos inferior á media nacional e ocupa unha zona media si se compara co resto de comunidades autónomas.

A evolución do indicador pode observarse no gráfico anterior e componse de dous períodos diferenciados. En primeiro lugar, unha fase de tendencia crecente que, con algún altibaixo, se manteñen ata o ano 2014, no cal a taxa crece 2,5 puntos porcentuais e, en segundo, unha fase de tendencia decrecente que, de momento, se mantén e recupera unha parte do perdido.





Por outra banda, a **taxa de privación material severa feminina incrementouse no período nun 75% (1,8 puntos porcentuais máis), o que contrasta co incremento do 14% (0,5 puntos porcentuais) rexistrado entre os varóns**. Así, a taxa de privación material severa, que era claramente inferior entre a poboación feminina, pasou a ser superior á masculina.





² Unha persoa que vive en condicións de privación material severa, non pode facer fronte polo menos a catro dos nove conceptos de consumo básicos definidos a nivel europeo, que se amosan na táboa

A evolución dos valores correspondentes aos ítems de consumo poden verse nas táboas e gráficos seguintes. En xeral, para case todos os conceptos, as taxas de privación en Galicia son inferiores ás rexistradas para o conxunto do territorio nacional. Destácase que o 46,3% non pode ir de vacacións polo menos unha semana ao ano (6,3 puntos por enriba da media nacional) e, polo lado menos malo, que unicamente o 1,1% da poboación non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días (case un terzo da cifra media nacional).

ITEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA


Nacional	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	36,2	42,0	42,7	40,9	46,6	48,0	46,4	41,5	40,3
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	2,2	2,1	2,6	3,2	2,6	3,5	3,3	2,6	2,9
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	5,9	7,2	7,5	6,5	9,1	8,0	11,1	10,6	10,1
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	29,9	36,5	38,7	37,6	42,1	42,1	42,6	39,8	38,7
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	7,1	9,6	10,4	7,9	9,9	11,0	11,7	11,0	9,8
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	5,9	5,7	5,9	5,6	5,7	6,2	6,0	5,8	6,0
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,9	8,1	7,6	5,6	6,6	6,7	7,2	7,1	7,2
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	38,4	52,9	48,2	47,2	48,8	59,2	55,3	48,3	46,3
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	1,1	1,5	1,1	2,0	0,4	5,5	1,8	1,2	1,1
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	8,9	12,6	12,4	5,4	7,0	12,2	14,1	13,7	9,1
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	24,4	33,6	36,8	30,0	35,2	36,6	36,5	27,4	28,9
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	3,0	5,5	5,8	5,0	6,0	5,2	7,4	6,7	5,7
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	3,9	4,4	3,9	3,3	5,1	2,4	2,5	2,3	2,3
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,7	8,7	8,9	5,4	5,8	5,2	8,0	6,7	4,8





Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH)

O 13,6% da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia (unhas 256.000 persoas) vive en fogares con baixa intensidade de Emprego, apenas dúas décimas menos respecto ao ano anterior. Aínda que esta cifra é 1,3 puntos porcentuais inferior á media nacional este indicador reflicte con claridade que a recuperación económica e do Emprego non está por agora aos fogares máis vulnerables.



fogares máis vulnerables.

Ao igual que a evolución da taxa media nacional, o indicador BITH galego experimentou un período de forte crecemento que se mantivo ata o ano 2012. A partir dese ano a evolución cambiou de signo e comezou un período de redución longo e paulatino que leva as taxas ao seu nivel actual.

Como xa se viu noutros apartados, esta leve melloría no dato conxunto **so se pode aplicar á poboación masculina**, cuxa taxa BITH diminúe do 14,5% ao


12,7% entre 2015 e 2016. **A taxa feminina, polo contrario aumenta do 13,1% ao 14,5% no mesmo período.**

GALICIA: POBLACIÓN BITH POR SEXO (0 a 59 años)

GALICIA	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
POB. TOTAL (0 a 59)	2.011.969	2.012.055	2.004.281	1.994.291	1.977.095	1.955.315	1.932.406	1.909.054	1.888.491
Hombres	1.012.761	1.012.483	1.008.517	1.003.232	995.163	983.567	971.198	958.924	947.926
Mujeres	999.208	999.572	995.764	991.059	981.932	971.748	961.208	950.130	940.565
% BITH	7,6%	7,9%	12,2%	11,9%	14,7%	14,1%	14,9%	13,8%	13,6%
% Hombres	6,9%	7,5%	11,7%	11,1%	12,8%	12,4%	14,9%	14,5%	12,7%
% Mujeres	8,4%	8,3%	12,6%	12,6%	16,7%	15,8%	14,9%	13,1%	14,5%
POB. BITH (0 a 59)	152.933	159.499	243.544	236.388	290.940	274.913	287.551	264.243	256.161
BITH Hombres	69.420	76.229	118.263	111.114	127.129	121.790	144.751	139.368	120.078
BITH Mujeres	83.463	83.250	125.279	125.267	163.776	153.193	142.800	124.827	136.191


Pobreza severa

A pobreza severa agrupa a aquelas **persoas que viven en fogares cuxa renda por unidade de consumo é igual ou menos á 4.104€ ao ano (342€/mes)**. Esta cifra equivale ao 30% da mediana dos ingresos da poboación, é dicir, á metade do limiar da pobreza.



Na actualidade, a **pobreza severa acada en Galicia ao 4% da poboación (108.741 persoas)**, cifra que é 2,4 puntos inferior á taxa media nacional (6,4%) e que ocupa un lugar máis ou menos central entre as taxas que rexistran as diferentes comunidades autónomas.

O optimismo ante a redución deste indicador en Galicia do 4,8% ao 4% no último ano debe ser necesariamente moderado.



Efectivamente entre 2015 e 2016, **máis de 23.000 persoas saíron da pobreza severa pero non conseguiron saír da pobreza** como se indica que as persoas en pobreza relativa pasaron do 14,6% ao 15%

Como ocorre a nivel estatal, a emerxencia de afrontar a situación de pobreza máis extrema significou un aumento do orzamento en medidas como rendas mínimas (en Galicia a

RISGA), pobreza enerxética, desafiuzamentos, axudas de emerxencia ou rendas municipais etc. A pesares da súa dispersión e burocratización extrema, estas medidas teñen un certo efecto na redución da pobreza severa, pero que en todo caso é puntual e feble sen a implantación de medidas estables de garantía de rendas ou Emprego digno.




Como se ven no gráfico de evolución da pobreza e pobreza severa no período 2008-2016, durante os primeiros anos da crise se distingue un período de crecemento da pobreza severa que eleva a súa taxa ata o 5% e se mantén ata o ano 2012. A partires de ese ano a tendencia invírtese e comeza un período de recuperación que, con algunha interrupción, conseguiu reverter gran parte da degradación rexistrada.

Limiar da pobreza rexional ou estatal e Pobreza ancorada

A pobreza pódese medir empregando un limiar nacional, común para todas as comunidades autónomas, e un limiar rexional, que **determina un conxunto de persoas pobres en función da mediada dos ingresos de cada rexión en particular** (como así se fai dende o IGE). En xeral, **a utilización de limiares rexionais reduce as taxas de pobreza nas comunidades máis pobres e as aumenta no resto.**

Neste informe séguese o criterio de INE e Eurostat de utilizar un limiar nacional, común para todas as CCAA. Ademais de utilizar así información homoxénea, se recolle unha das demandas das entidades do terceiro sector español e das persoas en risco de pobreza ou exclusión social: evitar a “lotería social” das diferencias entre CCAA e asegurar que a toda persoa que viva en calquera lugar do estado se lle garantan os mesmos dereitos e servizos Sociais.

Os gráficos amosan unha comparativa da evolución dos limiares rexional e nacional de pobreza e, en segundo, a evolución do risco de pobreza en Galicia en función do limiar que se utilice. Así, para o ano 2016 o limiar da pobreza galego é 259€ inferior ao nacional, o que significa que **si se empregan os limiares rexionais as galegas que gañan entre 7.950€ e 8.209€ deixan de ser consideradas persoas pobres sen ter cambiado realmente as súas condicións de vida**. Esta diferente definición produce a taxa de pobreza co limiar galego pase a ser do 17,4%, é dicir, 1,6 puntos porcentuais por debaixo da taxa de pobreza medida segundo o criterio da UE.




Por outra banda, dado que se define un risco de pobreza con limiar rexional, tamén é posible calcular unha taxa AROPE cuxo compoñente de pobreza se mida mediante o limiar rexional. Ao igual que o acontecido no cálculo da pobreza, a utilización de limiares rexionais produce tamén unha redución da taxa AROPE. **Así, para este último ano, a taxa AROPE en Galicia acada ao 24,2% da poboación, cifra que é algo máis dun punto porcentual inferior á taxa calculada con criterios europeos.**

Galicia: VARIACIÓN AROPE SEGÚN UMBRAL DE POBREZA UTILIZADO									
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
España	23,8%	24,7%	26,1%	26,7%	27,2%	27,3%	29,2%	28,6%	27,9%
Umbral nacional	25,1%	24,6%	22,7%	21,0%	23,8%	24,3%	23,8%	25,7%	25,4%
Umbral rexional	19,5%	20,4%	21,4%	20,7%	23,3%	23,5%	23,9%	25,7%	24,2%
Variación al utilizar umbral rexional	-5,6%	-4,2%	-1,3%	-0,2%	-0,5%	-0,8%	0,1%	0,1%	-1,1%

Galicia: VARIACIÓN RIESGO DE POBREZA SEGÚN UMBRAL UTILIZADO									
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
España	19,8%	20,4%	20,7%	20,6%	20,8%	20,4%	22,2%	22,1%	22,3%
Umbral nacional	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%
Umbral rexional	14,8%	16,0%	16,7%	15,6%	17,6%	16,1%	15,5%	19,6%	17,4%
Variación al utilizar umbral rexional	-6,1%	-4,6%	-1,4%	-0,6%	-0,7%	-1,1%	0,1%	0,1%	-1,6%

Limiar ancorado



A continuación amósase a evolución de dúas magnitudes moi diferentes. Por una parte, a evolución dos limiares empregados para medir a taxa de pobreza entre os anos 2008 e 2016. Segundo isto, o criterio para definir a unha persoa pobre foise facendo cada ano máis estrito, e as persoas que en 2016³ ganaban entre 8.208€ e 8.379€ deixaron de ser consideradas pobres sen ter

modificado as súas condicións de vida. Por isto debe considerarse el IPC á hora de calcular o limiar. A liña superior do gráfico anterior amosa o valor que debería tomar cada ano o limiar. Estes valores, que se calculan como o valor do limiar de pobreza en 2008 incrementado no IPC acumulado cada ano representan o verdadeiro límite da pobreza, e son moi superiores (en 2016 é 891,6€ superior) aos empregados oficialmente.

A táboa seguinte compara as taxas de pobreza resultantes de utilizar un ou outro criterio nas comunidades autónomas para todos os anos do período. Pode verse que no ano 2016 o 27,2% da poboación española cumpre os criterios de pobreza que se utilizaban no ano 2009, o que

³ En realidade en 2015, porque se toman en conta os ingresos do ano anterior ao da Enquisa de Condicións de Vida.

significa un aumento de 7,3 puntos porcentuais na taxa. Esta última cifra representa a porcentaxe de poboación cuxa situación de pobreza queda oculta por causas metodolóxicas. No caso de Galicia o aumento da taxa é de 3 puntos porcentuais, do 20,9% ao 23,9%.

POBREZA CON UMBRAL ANCLADO						
	Con umbral anual			Con umbral anclado 2008+IPC		
	2008	2016	Incremento en período (p.p.)	2008	2016 (Anclado 2008)	Incremento en período (p.p.)
TOTAL NACIONAL	19,8%	22,3%	2,5	19,8%	27,2%	7,33
Andalucía	27,3%	35,4%	8,12	27,3%	41,4%	14,10
Aragón	14,9%	15,7%	0,82	14,9%	20,6%	5,72
Asturias	13,2%	13,4%	0,16	13,2%	18,2%	4,98
Illes Balears	18,1%	15,5%	- 2,58	18,1%	18,9%	0,76
Canarias	30,7%	35,0%	4,28	30,7%	42,2%	11,51
Cantabria	14,3%	15,3%	1,07	14,3%	21,6%	7,39
Castilla y León	17,5%	17,7%	0,25	17,5%	24,0%	6,49
Castilla-La Mancha	26,4%	31,7%	5,30	26,4%	37,5%	11,12
Cataluña	12,3%	13,2%	0,84	12,3%	16,0%	3,69
Com. Valenciana	23,6%	24,4%	0,83	23,6%	31,0%	7,41
Extremadura	35,3%	30,4%	- 4,85	35,3%	38,8%	3,54
Galicia	20,9%	19,0%	- 1,87	20,9%	23,9%	3,02
Com. de Madrid	14,9%	18,2%	3,27	14,9%	20,9%	6,01
Región de Murcia	24,5%	28,9%	4,39	24,5%	36,1%	11,55
C. F. Navarra	5,9%	9,0%	3,12	5,9%	11,1%	5,27
País Vasco	9,1%	9,0%	- 0,15	9,1%	11,4%	2,30
La Rioja	16,2%	11,9%	- 4,25	16,2%	14,9%	- 1,25
Ceuta	40,1%	36,0%	- 4,09	40,1%	38,7%	- 1,43
Melilla	17,7%	21,8%	4,06	17,7%	22,3%	4,61

Poboación

Durante este último ano, Galicia ten mantido o seu proceso de redución de poboación iniciado no ano 2010. Así, a data de 1 de xaneiro do 2016, a poboación acadou as 2.718.525 persoas censadas. No último ano, a poboación reduciuse en 13.822 persoas, o que totaliza unha diminución total dende o ano 2010 de 79.128 persoas (-2,8%). Por sexos. A redución da poboación é algo maior nos homes (40.738 homes (-3%) e 38.390 (-2,7%) mulleres menos dende 2010).


GALICIA: Evolución interanual poboación por sexo (%)								
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
	0,4%	0,1%	-0,1%	-0,5%	-0,6%	-0,6%	-0,6%	-0,5%
Hombres	0,4%	0,1%	-0,1%	-0,5%	-0,6%	-0,7%	-0,6%	-0,6%
Mujeres	0,5%	0,0%	-0,1%	-0,5%	-0,5%	-0,5%	-0,5%	-0,5%

Ademais da emigración dende Galicia, a redución da poboación é, en parte, consecuencia directa da saída da poboación estranxeira. A poboación española, por unha parte, creceu durante os anos 2008 e 2009 e, a partir de entón, mantivo durante todos os anos do período unha taxa de crecemento interanual negativa e suavemente descendente. Neste último ano, a poboación española se reduciu en outras 11.147 persoas para completar unha redución de 58.893 persoas (-2,2%) dende o ano 2009. A poboación española actual en Galicia é de 2.630.559 persoas.

Por outra banda, a poboación de nacionalidade estranxeira acadou as 87.966 persoas que supoñen un 3,2% do total da poboación cunha proporción por sexos moi similar (49,4% para homes e 50,6% para mulleres). Este grupo de poboación experimentou unha redución importante dende o ano 2012 que acadou a súa máxima intensidade no ano 2014 para, posteriormente, suavizar notablemente a súa evolución interanual. Na totalidade deste período experimentou unha contracción do 21,6% o que en termos absolutos supón unha redución de 24.217 persoas estranxeiras das cales 14.249 (58,8%) obtiveron a nacionalidade española. Por sexos, a contracción foi máis importante entre os homes (-23,6%) que entre as mulleres (-19,5%).

GALICIA: Evolución interanual Pob. Extranjera por sexo (%)									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	
Hombres	12,3%	2,8%	0,7%	2,3%	-2,6%	-11,1%	-8,1%	-3,9%	
Mujeres	10,9%	2,9%	0,8%	0,8%	-1,3%	-10,2%	-7,3%	-2,0%	
Galicia: ADQUISICIONES DE NACIONALIDAD POR SEXO									
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Total	2.221	2.110	3.173	2.809	2.811	6.944	2.691	2.004	2.610
Hombres	807	811	1.172	1.087	1.088	2.600	1.052	754	971
Mujeres	1.414	1.297	1.996	1.718	1.722	4.340	1.639	1.250	1.639


Finalmente, tal e como mostra a táboa, a redución da poboación estranxeira sempre foi algo maior entre os homes.



Con respecto das nacionalidades, dende o ano 2011 no que a poboación estranxeira acadou o seu reconto máximo no conxunto de España, as maiores reducións se produciron entre as poboacións procedentes de Portugal, que diminuíu en 6.337 persoas (-28,8%); Colombia, con 4.012 persoas menos e unha redución do 47,7% e Brasil, con 3.744 persoas menos (-34,6%).

Na actualidade, o 40,4% da poboación estranxeira en Galicia provén da UE (28), o 35% de América Central e do Sur e un 14,3% de África. Respecto aos países concretos, 15.673 persoas, que supoñen o 17,8% do total de estranxeiros da rexión proceden de Portugal; outras 8.777 (10%) chegaron de Romanía; 7.072 de Brasil (8%) e 6.734 de Marrocos (7,7%).

GALICIA	EVOLUCIÓN POBLACIÓN TOTAL Y EXTRANJERA SEGÚN SEXO									
	TOTAL				NACIONALIDAD EXTRANJERA					
	Total	Hombres	Mujeres	% Mujeres	Total	% Extranjeros	Hombres	Mujeres	% Mujeres	
GALICIA										
2008	2.784.169	1.344.268	1.439.901	51,7%	95.568	3,4%	47.849	47.719	49,9%	
2009	2.796.089	1.349.603	1.446.486	51,7%	106.637	3,8%	53.721	52.916	49,6%	
2010	2.797.653	1.350.547	1.447.106	51,7%	109.670	3,9%	55.223	54.447	49,6%	
2011	2.795.422	1.349.591	1.445.831	51,7%	110.468	4,0%	55.606	54.862	49,7%	
2012	2.781.498	1.343.328	1.438.170	51,7%	112.183	4,0%	56.865	55.318	49,3%	
2013	2.765.940	1.335.122	1.430.818	51,7%	109.962	4,0%	55.389	54.573	49,6%	
2014	2.748.695	1.325.657	1.423.038	51,8%	98.245	3,6%	49.241	49.004	49,9%	
2015	2.732.347	1.317.054	1.415.293	51,8%	90.641	3,3%	45.236	45.405	50,1%	
2016	2.718.525	1.309.809	1.408.716	51,8%	87.966	3,2%	43.453	44.513	50,6%	



EVOLUCIÓN POBLACIÓN TOTAL Y EXTRANJERA SEGÚN ZONA DE PROCEDENCIA Y SEXO

GALICIA	Total extranjeros	UNION EUROPEA (28)					RESTO				
		Total	% sobre total extranjeros	Hombres	Mujeres	% Mujeres sobre Total UE(28)	Total	% sobre total extranjeros	Hombres	Mujeres	% Mujeres sobre Total Resto
GALICIA											
2008	95.568	34.721	36,3%	20.361	14.360	41,4%	60.847	63,7%	27.488	33.359	54,8%
2009	106.637	39.086	36,7%	23.013	16.073	41,1%	67.551	63,3%	30.708	36.843	54,5%
2010	109.670	41.030	37,4%	24.156	16.874	41,1%	68.640	62,6%	31.067	37.573	54,7%
2011	110.468	43.089	39,0%	25.312	17.777	41,3%	67.379	61,0%	30.294	37.085	55,0%
2012	112.183	45.375	40,4%	26.595	18.780	41,4%	66.808	59,6%	30.270	36.538	54,7%
2013	109.962	44.209	40,2%	25.624	18.585	42,0%	65.753	59,8%	29.765	35.988	54,7%
2014	98.245	39.927	40,6%	22.650	17.277	43,3%	58.318	59,4%	26.591	31.727	54,4%
2015	90.641	37.482	41,4%	20.912	16.570	44,2%	53.159	58,6%	24.324	28.835	54,2%
2016	87.966	35.543	40,4%	19.578	15.965	44,9%	52.423	59,6%	23.875	28.548	54,5%

Resumo

- No ano 2016, un total de 690.505 persoas, que supoñen o 25,4 % da poboación residente en Galicia estaba en **Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social** (AROPE nas siglas en inglés). Prodúcese un descenso moi leve da taxa AROPE, que pasa do 25,7% ao 25,4%. A recuperación económica non está chegando de xeito decidido as persoas máis vulnerables.
- Aínda que a crise golpeou con maior intensidade á poboación masculina **a recuperación económica está a perxudicar especialmente á muller, voltando ás taxas AROPE tradicionalmente superiores á masculina**. Non na redución das taxas de pobreza, senón en apartados como a brecha de pobreza ou especialmente no crecemento da Baixa Intensidade laboral no fogar, froito da maior precariedade no emprego.
- A taxa AROPE **diminúe en tódolos tramos de idade, exceptuando o tramo de 30 a 44 anos** que pasa do 22,4% no 2015 ao 25,6% no 2016 e a poboación maior de 65 anos (incrementa nun 0,1).
- **A taxa máis alta se da na nosa mocidade entre 16 e 29 anos**, en idade de incorporación ao mercado laboral. Aínda que se produciu unha baixada na cifra de 3,8 puntos porcentuais, segue sendo do 34%.
- E moi preocupante o **aumento da taxa AROPE nos fogares monoparentais** (un 80% encabezados por unha muller). Un 53,3% no 2016 fronte a un 50,1% no ano anterior no conxunto do estado.
- No 2016, un **19% da poboación galega estaba en situación de pobreza (516.000 persoas)**, con ingresos mensuais inferiores a 684€/mes. Apenas 4 décimas menos que no 2015 pero 1,9 puntos menos dende 2008.
- **108.000 galegas e galegos viven en pobreza severa, con ingresos inferiores a 4.104€ ao ano (342€/mes)**. Aínda que son 23.000 menos que no 2015 (a taxa pasa do 4,8% ao 4%) estas persoas non conseguiron saír da pobreza, polo que a súa mellora de calidade de vida é moi feble.
- **Aumenta a fragilidade das persoas maiores de 65 anos**. O 62,7% das pensións que se distribúen en Galicia teñen un importe inferior ao limiar da pobreza. Delas, 123.000 (o 16,3% do total de pensións) teñen un importe por debaixo do limiar de pobreza severa. Nas de viudedade, percibidas maioritariamente por mulleres, as porcentaxes son do 80,7% e 30,2%.
- **Mantense a porcentaxe da poboación con Carencia Material Severa**, que chega ao 4,1% (4,2% no 2015), o que supón 111.460 persoas. A porcentaxe de poboación sen capacidade para afrontar gastos imprevistos pasou do 27,4% ao 28,9% do total.
- **O emprego non chega as persoas mais vulnerables. No ano 2016, o 13,6% das persoas de 0 a 59 anos vivían en fogares con baixa intensidade de traballo**. Esta cifra supón unha mínima diminución de 0.2 puntos con respecto ao 2015. Esta leve melloría no dato conxunto so se pode aplicar á poboación masculina, cuxa taxa BITH diminúe do 14,5% ao 12,7% entre 2015 e 2016. **A taxa feminina, polo contrario aumenta do 13,1% ao 14,5%** no mesmo período.
- A brecha da pobreza que mide a distancia que existe entre os ingresos dunha persoa pobre e o limiar da pobreza indícanos que, certamente, **hai menos persoas pobres, pero as que quedan están peor**.